

# O PECADO DE CLUNY BROWN

# 1508

Ernst Lubitsch, 1946

ESTREA EN NUMAX: 23.04.2025 | V.O.S.E. | 100 min

Uns días antes do inicio da Segunda Guerra Mundial, Cluny, unha moza apaixonada pola fontanería, é enviado a servir a unha rica mansión inglesa. Un día chega un refuxiado checo, fuxido do nazismo, co que se identifica por ser tamén unha alma desprazada.

«Deliciosa e tardía comedia costumista de Ernst Lubitsch»

Jonathan Rosenbaum, CHICADO READER



# O PECADO DE CLUNY BROWN

Ernst Lubitsch, 1946

EUROPA  
CINEMAS  
Creative Europe MEDIA

## Os praceres da fontanería

Siri Hustvedt

No verán de 1981, cando era moza, namorei perdidamente dun poeta. Dúas semanas despois fomos ao Thalia no Upper West Side de Manhattan para ver a última película rematada de Ernst Lubitsch, *O pecado de Cluny Brown* (1946), protagonizada por Jennifer Jones e Charles Boyer. O filme cativoume. Pareceume unha comedia brillante e perfecta. Un ano despois, na nosa lúa de mel en París (o poeta converteuse no meu esposo), volvemos ver o filme e encantoume de novo. Pasaron os anos e devecía por revivir o encanto que sentira en presenza do que cría firmemente como unha marabilla cinematográfica pero *Cluny* non se atopaba en nigrues, nin nos cinemas nin nos videoclubs que a finais dos 80 agromaran polo meu barrio de Brooklyn. A mediados dos noventa, o meu marido e a nosa filla (que chegara ás nosas vidas por casualidade entraron pola porta: “Mamá. Atopámola! Temos a *Cluny Brown*!”

A terceira vez foi igual de boa. A pesar das afirmacións habituais, unha obra de arte non ten unha medida obxectiva. Os significados dun filme cobran vida nos seus espectadores. O contexto cultural e as expectativas convencionais inflúen significativamente na súa recepción. Ao ler o material da crítica sobre Lubitsch decateime de que *Cluny Brown* non se atopa entre as obras máis admiradas do mestre. Ténselle prestado moita maior atención a *Ninotchka* (1939), *O bazar as sorpresas* (1940), *Ser ou non ser* (1942) ou *O ceo pode agardar* (1943). Aínda que Peter Bogdanovich a ten proclamado como unha “obra mestra” é un filme decote subestimado.

O “toque Lubitsch” tense definido de moitos xeitos, pero a frase define á perfección o cineasta. Semella definir unha cualidade de graza visual e verbal que non se pode reducir a ningún aspecto concreto da produción. Até onde eu sei, ningún crítico mencionou que, sexa o que sexa, convoque o sentido do tacto. A Lubitsch gustáballe evocar ese elemento sensual ausente mediante a suxestión, especialmente o xogo e o pracer da sexualidade humana. En *Cluny Brown*, o rol sexual asúmeo a fontanería. A orfa Cluny, sobriña dun fontaneiro, está namorada dos lavabos, os desaugues, as cañerías... A súa ferramenta preferida para liberar a presión é o martelo. “Un bo golpe pode resolver calquera problema nun intre!”, dille aos dous homes asustados que abren a porta a unha fontaneira na escena inicial do filme.

Os guionistas Samuel Hoffenstein e Elizabeth Reinhardt adaptaron con mestría a historia da novela homónima de Margery Sharp (1944), unha comedia enxeñosa e de escrita concida que critica duramente o sistema de clases británico. A heroína da novela é a sobriña dun fontaneiro, pero a metáfora sexual da fontanería non aparece no libro. Os personaxes principais son desprazados, exiliados na Inglaterra de 1938. Adam Belinski é un filósofo checo e refuxiado político, nunca identificado como xudeu no filme, pero cunha figura errante que non pode regresar a casa que sen dúbida garda similitudes co propio Lubitsch, un xudeu nacido no Berlín de 1892, exiliado a Hollywood a inicios dos vinte e que apenas viviría o suficiente para ver como o mundo da súa xuventude se reducía a cinzas. *Cluny Brown* tampouco ten un fogar real; o seu titor, o tío Arn, envíaa a traballar como camareira para que “atope o seu lugar”. Pero a forza da súa personalidade afásta aínda máis: sente unha inconfundible necesidade de liberar a súa ansia reprimida de aventura, incluíndo un desexo de satisfacción corporal orgásmica e irreprimible: “Xa sabes o que me fai a fontanería”, dille a Belinski cara ao remate da película.

Texto completo en <https://www.criterion.com/current/posts/6589-cluny-brown-the-joys-of-plumbing>



Na librería  
**NUMAX**  
numax.org/librería

*Cluny Brown*,  
Margery Sharp.  
Hoja de lata, 2020

**NUMAX** 10  
numax.org 10